

Medicación financiada en determinadas situacións clínicas. Homologación sanitaria.

Expediente: I.5.Q/9285/21

Santiago de Compostela, 20 de Xullo de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX, no nome da súa nai D<sup>a</sup> XXX referente á medicación prescrita tras unha cirurxía de corazón e a imposibilidade para obter a devandita medicación financiada con fondos públicos.

#### **ANTECEDENTES**

No seu escrito refire que:

“Les remito escrito de denuncia de mi madre, XXX, contra el SERGAS ante el grave problema y situación que se le ha presentado, ya que fue operada por la Unidad de Cirugía Cardiovascular del Chop de Santiago, por fallo de su válvula mitral, siendo sustituida por otra biológica, de cerdo, la cual se aconsejó frente a la de acero para EVITAR el SINTROM, por las patologías clínicas de mi madre.

Pero una vez dada el alta, el médico de cabecera, anterior y actual han tratado de cargar la recete del APIXABAM 2.5 mg (EILIQUIS), siendo estas rechazadas una y otra vez por la supervisora de farmacia del CAP de o Grove, tratando de imponer por criterio económico, mercantil, el SINTROM, frente a lo pautado por los especialistas y médicos de atención primaria.

Esto, además de un tremendo disgusto y desazón, conlleva un desgaste económico muy importante, ya que mi madre cobra una pensión muy baja, y el medicamento sin subvención del SERGAS son 90 euros mensuales, por lo que ante el DESAMPARO, e injusticia sufrida como ciudadana, ruego el estudio y admisión del escrito y documentos adjuntos así como el ejercicio de sus competencias que permitan una justa resolución de este caso”.

A persoa promotora desta queixa adxunta o informe de alta do servizo de cirurxía cardíaca de 19 de maio de 2021 onde se obxectiva que o devandito servizo pauta a medicación “Apixaban” e un informe de homologación sanitaria de receitas do servizo de cirurxía cardíaca onde se obxectiva novamente que se prescribiu o fármaco “Apixaban”.

Ante iso requirimos, información a esa consellería. No informe achegado por dito órgano indícase o seguinte:

“En data 22 de outubro tivo entrada escrito da Valedora do Pobo, remitido pola Vicexerencia do Servizo Galego de Saúde, con queixa formulada, en relación coa solicitude de financiamento do tratamento (Apixaban) ACOD (Anticoagulantes de Acción Directa).

En resposta á mesma, cabe informar:

As indicacións do medicamento veñen determinadas na súa ficha técnica. Pero non todas as indicacións deste medicamento están financiadas polo Sistema Sanitario Público, algunha (tratamento da Fibrilación auricular non valvular) está soamente financiada se se cumpren unha serie de requisitos.

Neste caso esíxese a homologación sanitaria de receitas como paso previo á dispensación, con cargo ao Sergas, polas oficinas de Farmacia.

Os medicamentos sometidos a homologación sanitaria deberán ser prescritos polo persoal sanitario facultativo médico autorizado, do Servizo Galego de Saúde.

A verificación do cumprimento dos requisitos establecidos para a súa prescrición esixirá o rexistro previo polo persoal sanitario facultativo médico prescriptor da indicación do medicamento, no campo configurado para tal fin na historia clínica electrónica, e a formalización do informe clínico de Homologación específico para os ACOD.

Para a formalización da homologación sanitaria, o persoal autorizado verificará as condicións de prescrición e dispensación dos tratamentos prescritos e comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter previo á súa dispensación.

Cando un tratamento prescrito en receita electrónica sexa rexeitado no proceso de homologación, o facultativo farmacéutico homologador notificaralle o resultado electronicamente ao/á facultativo/a médico/a prescriptor/a.

O rexeitamento dunha homologación non se fai ao paciente se non ao facultativo responsable da súa prescrición, ou ben porque non cumpre criterios ou porque falta algunha aclaración no informe, quen procederá se é pertinente a resolver a incidencia ou en caso de non poder financiarse debe tomar as decisións oportunas e dar a alternativa á paciente.

De acordo coa lexislación vixente ningún Servizo de Saúde dos que comprende o Sistema Nacional de Saúde pode modificar os criterios de financiamento pública dos

medicamentos, sendo este un asunto que compete en exclusiva ao Ministerio de Sanidade“.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A dona XXX o servizo de cirurxía cardíaca prescribiulle unha medicación determinada, o fármaco “Apixaban” o que se obxectiva no informe médico que aporta co seu escrito de queixa, (a este informe adxúntaselle un informe de homologación de receitas emitido polo servizo e cirurxía cardíaca, correspondente ao mesmo fármaco), non obstante, esta prescrición non chegou a facerse efectiva nunca no sentido de que a doente non conseguiu obter o fármaco coa financiación correspondente a cargo do Sistema Sanitario Público, por ser rexeitada a súa homologación polo responsable de farmacia, motivo polo que se ve na obriga de sufragalo polos propios medios.

No informe trasladado por esa consellería trasládase que : **“Os medicamentos sometidos a homologación sanitaria deberán ser prescritos polo persoal sanitario facultativo médico autorizado, do Servizo Galego de Saúde”**, requisito que se cumpre neste suposto ao obxectivarse un informe do servizo de cirurxía cardíaca onde se prescribe o fármaco en cuestión.

Tamén se traslada que: **“Cando un tratamento prescrito en receita electrónica sexa rexeitado no proceso de homologación, o facultativo farmacéutico homologador notificaralle o resultado electronicamente ao/á facultativo/a médico/a prescriptor/a.**

**O rexeitamento dunha homologación non se fai ao paciente se non ao facultativo responsable da súa prescrición, ou ben porque non cumpre criterios ou porque falta algunha aclaración no informe, quen procederá se é pertinente a resolver a incidencia ou en caso de non poder financiarse debe tomar as decisións oportunas e dar a alternativa á paciente.”**

Neste suposto e segundo o que nos remitiu no seu escrito a persoa promotora deste expediente, o fármaco foi rexeitado polo facultativo farmacéutico homologador, pero o facultativo responsable, neste caso dependente do servizo de cirurxía cardíaca, non modificou a prescrición, de feito que se adxunta un informe de homologación reafirmando o fármaco en

cuestión, o “apixaban” polo que descoñece esta institución se a “incidencia “ á que fai referencia o informe desa administración é subsanable ou se o facultativo responsable da prescrición, o cirurxián cardíaco, debe dar unha alternativa á paciente.

En calquera caso, faise necesaria unha correcta coordinación entre os distintos servizos do SERGAS implicados nun mesmo procedemento, neste caso o procedemento de homologación de fármacos de dispensa especial para poder facer efectivo o dereito á protección da saúde dos enfermos.

Estamos nun caso no que un servizo pertencente ao SERGAS prescribe un fármaco e outro servizo pertencente ao SERGAS non homologa a prescrición sen que o servizo emisor solvente os problemas polos que esa homologación necesaria non se pode levar a termo ou busque alternativas válidas para a enferma que supoñan o mesmo beneficio no seu proceso asistencial.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

**«Que o facultativo prescriptor, do servizo de cirurxía cardíaca cumpra co establecido no procedemento de homologación de receitas que traslada esa administración no seu informe, de xeito que proceda: “...se é pertinente a resolver a incidencia ou en caso de non poder financiarse debe tomar as decisións oportunas e dar a alternativa á paciente”».**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia,



dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo